

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 35761 (10/PNC-002873)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación das cotas de atención primaria e pediatría, a dotación de persoal e o peche de consultas durante os meses de verán no Centro de Saúde de Arcade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018
- 1.2 43294 (10/PNC-003484)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de ampliación do Centro de Saúde do Porriño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.3 49566 (10/PNC-004010)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co funcionamento, dotación de medios materiais e actual localización do punto de encontro familiar de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019
- 1.4 49756 (10/PNC-004026)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa perda de traballadores autónomos que rexistra Galicia no último ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019
- 1.5 49878 (10/PNC-004039)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis no ano 2020, así como para mellorar a asistencia sanitaria que se está a prestar no centro actual e no punto de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019

- 1.6 52395 (10/PNC-004180)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre o recoñecemento polo Goberno galego da categoría profesional acorde cos perfís exixidos ao persoal do Servizo de Atención e Información á Cidadanía da Xunta de Galicia (teléfono 012), en concreto ao do teléfono social e ao dos servizos de resposta de chamadas telefónicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 508, do 19.07.2019
- 1.7 55133 (10/PNC-004378)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal dos centros residenciais dependentes da Consellería de Política Social e a suspensión do artigo 19 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	GCE
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	M

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 35761(10/PNC-002873)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación das cotas de atención primaria e pediatría, a dotación de persoal e o peche de consultas durante os meses de verán no Centro de Saúde de Arcade

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

Ao longo do verán evidenciouse a falta de recursos na Atención Primaria, consecuencia das políticas de recortes, con especial repercusión na falta de profesionais, o que impide a substitución de vacacións, a cobertura das prazas de pediatría ou unha correcta atención nos Puntos de Atención Continuada.

O caso de Arcade é un máis que se une a este importante déficit do sistema público, xa que fai anos que o Centro de Saúde de Arcade padece importantes deficiencias como a masificación dos cupos de Atención Primaria e pediatría con máis de 1.500 tarxetas en adultos e máis de 1000 menores de 14 anos e cun poboación infantil en aumento, o que obriga as persoas doentes a esperar días a ser atendidas.

Ademais, na época estival, a poboación aumenta en máis de 10.000 persoas, pero os servizos polo contrario diminúen, pechando consultas de medicina familiar de pediatría ao non substituírse ao persoal que está de vacacións.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar o Centro de Saúde de Arcade cos seguintes servizos:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 17:27
Nº Rexistro: 35761
Data envío: 03/09/2018 17:27:10.251



- 1 cupo máis de Medicina de Familia. Os tres cupos actuais están masificados.
- 1 cupo máis de pediatría.
- 3 novas prazas de enfermería para garantir a mesma proporción que no caso de facultativos/as.
- Acabar co peche de consultas no verán.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/09/2018 16:09:38

Luis Villares Naveira na data 03/09/2018 16:09:44

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 43294(10/PNC-003484)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de ampliación do Centro de Saúde do Porriño

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 12:43:08
Nº Rexistro: 43294
Data envío: 14/01/2019 12:43:08.924



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei en Comisión, relativa á situación da ampliación prometida para o centro de saúde de O Porriño**.

Exposición de motivos:

O centro de saúde de O Porriño comparte dependencias co Punto de Atención Continuada que atenden á poboación dos concellos de O Porriño, Mos e Salceda de Caselas.

O estado e tamaño de esta edificación dista moito de ser axeitado. Un dos problemas é a escaseza de espazos que impiden ampliar os servizos do centro, ou a ínfima superficie coa que conta o PAC, que obriga a moitos doentes a agardar nos corredores.

Ademais son necesarias melloras estruturais, coma xa se ten evidenciado cos problemas referidos ás altas temperaturas que se alcanzan no centro durante os meses de verán.

Por outra parte, a Unidade de Atención ás Drogodependencias situada a carón do centro de saúde conta tamén cun espazo exíguo para dar a atención, que debera ser ampliado.

Estas necesidades puxéronse de manifesto fai máis dunha década, aprobándose a ampliación do centro para o que se contou cun proxecto construtivo no ano 2009, prevéndose a dotación dun novo servizo de fisioterapia e outro de radioloxía, entre outras melloras.

CSM-REXISTRO-01V01-IRE-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





No ano 2010, o Concello de O Porriño asinou un acordo coa Xunta de Galicia, deixando ao seu dispor unha parcela anexa de 525 metros cadrados. Pero a ampliación nunca chegou.

Durante os últimos anos, foron moitas as ocasións nas que se demandou a ampliación, votando o Partido Popular en contra, tanto de iniciativas coma de emendas aos orzamentos. De feito no mes de novembro de 2018, trasladado este asunto á Comisión de Sanidade do Parlamento de Galicia, o grupo maioritario votou novamente en contra impedindo que se aprobase a súa ampliación. Os argumentos foron que non era necesario neste momento.

Un mes despois e de xeito sorprendente, o Conselleiro de Sanidade visitaba O Porriño anunciando por enésima vez a ampliación do centro. Un anuncio no que se falaba de incrementar as consultas e dispor dun servizo de fisioterapia, pero que deixaba fora outras melloras aprobadas previamente coma radioloxía, mellora da accesibilidade do centro ou zona de espera infantil, entre outras.

O anuncio, semella máis enmarcarse na precampaña electoral municipal, xa que resulta incomprensible que nun mes se tivese mudado de opinión, pero tamén porque non existe ningunha partida específica nos orzamentos de 2019. Nese senso débese lembrar tamén que o PP votou en contra das emendas aos orzamentos de En Marea que propuñan unha partida para tal ampliación.

Por outra banda, a folga que manteñen os profesionais e as profesionais dos PAC dende fai un par de meses debido á enorme sobrecarga de traballo e ás súas condicións, parece tamén estar detrás coma un novo intento de desmobilización.

Ante estas circunstancias, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 12:43:08
Nº Rexistro: 43294
Data envío: 14/01/2019 12:43:08.924



- Aprobar unha modificación orzamentaria para comprometer unha partida suficiente para reiniciar e rematar o proxecto de ampliación do centro de saúde de O Porriño, así coma dotalo de medios técnicos e humanos, axeitados ao concello é a súa contorna.
- Manter no proxecto a dotación de fisioterapia, radioloxía, e a ampliación das dependencias do PAC e consultas, así coma da ampliación da unidade de atención ás drogodependencias.
- Comprometerse a executar a ampliación durante o ano 2019.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/01/2019 12:25:57

Luis Villares Naveira na data 14/01/2019 12:26:05

CSX, REXISTRO CIWOLIRE-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 49566(10/PNC-004010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co funcionamento, dotación de medios materiais e actual localización do punto de encontro familiar de Ourense

Publicación da iniciativa, 474, 07.05.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A aplicación da Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e se determina o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das menores e dos menores en familias en situacións de conflito.

Á súa vez, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos aos que terán que se axustar os puntos de encontro familiar se establecerán regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:57:07
Nº Rexistro: 49566
Data envío: 02/05/2019 17:57:07.022

para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a Administración.

No ano 2013 a Xunta de Galicia decidiu trasladar o punto de Encontro Familiar de Ourense, ás instalacións da Casa da Xuventude. As profesionais do eido do social, as organizacións feministas, e desde o PSdeG, levamos tempo denunciando a situación na que se atopa, insistindo en que non é o emprazamento axeitado dado que é un espazo que está excesivamente exposto, e que non protexe axeitadamente a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo.

Recentemente, as organizacións feministas volveron denunciar a situación na que se atopa este servizo pola:

- Revitimización das vítimas de violencia machista ao tratar a intervención nestes casos como se se tratase simplemente de divorcios conflictivos, reproducindo e perpetuando estereotipos sobre estas mulleres e a violencia, e deixando aos meniños e meniñas en situacións de desamparo e risco.

- Negativa desde o servizo do Punto de Encontro Familiar a coordinarse con distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos, que atenden aos nenos e nenas e familias que acoden ao punto de encontro, saltándose os principios reitores da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e os principios xerais da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e obviando a obriga legal de garantir un tratamento integral da atención a mulleres que sofre violencia de xénero.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

1º) Realice de maneira urxente unha inspección do funcionamento, aplicación dos protocolos, e dos medios materiais dispoñibles no Punto de Encontro Familiar de Ourense.

a) Trala realización da inspección elaborárase un informe nun prazo non superior a tres meses, no que se recollerán as deficiencias detectadas, así como as medidas que se van implementar para resolvelas, a axenda de actuacións e o seu orzamento.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2019 17:57:07
Nº Registro: 49566
Data envío: 02/05/2019 17:57:07.022

b) O devandito informe remitirase aos grupos parlamentarios da Cámara galega.

2º) Reubicar, durante a X lexislatura, o Punto de Encontro Familiar de Ourense nun emprazamento máis axeitado, que garanta axeitadamente a confidencialidade que require este tipo de servizo.

Pazo do Parlamento, 2 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/05/2019 17:40:13

María Luisa Pierres López na data 02/05/2019 17:40:20

Julio Torrado Quintela na data 02/05/2019 17:40:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/05/2019 17:40:34



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 49756(10/PNC-004026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa perda de traballadores autónomos que rexistra Galicia no último ano

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A nosa Comunidade Autónoma contaba con 213.359 traballadores por conta propia en abril de 2018 e pasou a ter 210.643 autónomos/as en abril de 2019, perdéndose nun só ano 2716 autónomos. Isto tradúcese nun descenso do 1,3 %, colocando Galicia coma a Comunidade Autónoma que lidera a perda de traballadores por conta propia, en datos interanuais, segundo o informe elaborado pola ATA Galicia (Asociación de Traballadores Autónomos de Galicia).

En 12 meses en Galicia perdéronse:

- 1.461 autónomos no sector da Industria.
- 1.319 no Comercio.
- Na Agricultura 988.
- Construción con 333.
- Hostalería 284.

Desde 2014 na nosa Comunidade Autónoma non se pecha un ano en positivo no relativo á cifra de traballadores por conta propia. No que vai de 2019 perdéronse xa 643 autónomos, o que supón un 0,3 % menos, ao revés do que acontece a nivel nacional, no que aumenta un 0,4 % ata os 3,26 millóns de traballadores por conta propia.

En Galicia o emprego autónomo ten unha extraordinaria importancia e paradoxalmente a nosa Comunidade Autónoma lidera a perda de autónomos, por iso, segundo reclama ATA Galicia é necesario frear a continua perda de autónomos e urxe adoptar medidas co obxectivo de paliar este descenso no número de autónomos.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 49756
Data envío: 08/05/2019 18:47:04.198

Nunha comunidade autónoma, como a nosa, con graves problemas demográficos, despoboamento, dispersión de poboación e tendencia á concentración na franxa atlántica, o arraigamento dos autónomos no territorio é estratéxico.

A Xunta de Galicia debe de comprometerse dun xeito real co papel do emprego autónomo na nosa economía, axudando á creación deste tipo de emprego, apoiando os inicios dos autónomos/as favorecendo a creación de novas empresas e tamén para que os emprendedores galegos poidan consolidar os seus proxectos, sobre todo aqueles que levan menos de 42 meses funcionando, que é cando máis se necesitan.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar, de xeito inmediato, medidas que aposten pola consolidación do emprego autónomo, que fomenten a substitución xeracional e implemente mecanismos para paliar as baixas que se producen no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA).

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 18:45:09

Noela Blanco Rodríguez na data 08/05/2019 18:45:18

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2019 18:45:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2019 18:45:34



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 49878(10/PNC-004039)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para construír un novo centro de saúde no concello de Caldas de Reis no ano 2020, así como para mellorar a asistencia sanitaria que se está a prestar no centro actual e no punto de atención continuada

Publicación da iniciativa, 479, 22.05.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:58:17
Nº Rexistro: 49878
Data envío: 13/05/2019 12:58:17.773

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do novo centro de saúde e PAC de Caldas é unha historia interminábel, un proxecto adiado durante máis de unha década debido á incapacidade do goberno municipal de Caldas e da Xunta para chegar a acordos sobre o novo emprazamento. Máis ca en resolver esta importante necesidade, concello e Xunta parecen máis interesados en botarse a culpa mutuamente sobre quen ten a responsabilidade do retraso.

Mentres as dúas administracións se entregan a este xogo inútil, a realidade é que a veciñanza de Caldas sofre as consecuencias das eivas e limitacións que ten o actual centro de Saúde: a masificación, a falta de espazo, a inadecuada ubicación do servizo de pediatría, a carencia de persoal médico, os problemas derivados do mal funcionamento do saneamento... Por outra parte, a falta de espazo fixo necesario habilitar unhas dependencias de educación maternal e atención por matrona no edificio comarcal, mais trátase dunha ubicación provisional e que non reúne as mellores condicións para a prestación deste servizo.

CSM-REXISTROCOMVSeceB19
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:58:17
Nº Registro: 49878
Data envío: 13/05/2019 12:58:17.773

Ao longo de máis de dez anos asistimos con perplexidade a un simulacro: a oferta de terreos que non serven porque son inundábeis (A Tafona), a proposta de novos terreos que son desbotados por dificultades técnicas, a oferta de novas ubicacións que son desbotadas por problemas urbanísticos... Mesmo se avaliou a posibilidade de ampliar o centro de saúde actual, proposta que só cabe cualificar como unha ocorrencia sen ningún estudo de viabilidade e oportunidade. A realidade é que pasan os anos e queda en evidencia a incapacidade das dúas administracións para chegar a acordos.

No último escrito enviado polo SERGAS o 27 de marzo de 2019 faciáse referencia a dous predios que terían características axeitadas para a construción do novo centro de saúde e PAC: un terreo denominado ET3 dentro do sector SB 10 T do PXOM de Caldas dentro dunha área comercial a desenvolver por iniciativa privada; outro na estrada de Pontevedra, de 8.000 m2, que debería ser entregado libre de cargas e asumindo o concello os custes dos servizos e estacionamento.

Desde o BNG consideramos que non pode haber xa máis excusas para seguir adiando unha infraestrutura que é de vital importancia para o futuro de Caldas de Reis. E que polo tanto o concello de Caldas e o SERGAS deben poñerse de acordo e asinar o convenio do novo centro de saúde.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Acordar co concello de Caldas de Reis a construción dun novo centro de saúde que dea resposta ás demandas presentes e futuras deste concello e que poña fin ás





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 13/05/2019 12:58:17

Nº Rexistro: 49878

Data envío: 13/05/2019 12:58:17.773

deficiencias que presenta o centro actual. Este acordo concretarase mediante a sinatura dun convenio no prazo máximo de tres meses, de modo que este imprescindible equipamento sanitario poida ser construído no ano 2020.

2. Mellorar a asistencia sanitaria que se presta actualmente no centro de saúde e no PAC de Caldas mediante a dotación do persoal sanitario necesario para garantir un servizo de calidade.”

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/05/2019 12:57:16

CSV REXISTRO: FROCOVsbceB19
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/05/2019 12:58:17
Nº Registro: 49878
Data envío: 13/05/2019 12:58:17.773

María Montserrat Prado Cores na data 13/05/2019 12:57:21

Ana Pontón Mondelo na data 13/05/2019 12:57:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/05/2019 12:57:24

Olalla Rodil Fernández na data 13/05/2019 12:57:26

Noa Presas Bergantiños na data 13/05/2019 12:57:27

CSV REGISTRO de B19
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 52395(10/PNC-004180)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego da categoría profesional acorde cos perfís exixidos ao persoal do Servizo de Atención e Información á Cidadanía da Xunta de Galicia (teléfono 012), en concreto ao do teléfono social e ao dos servizos de resposta de chamadas telefónicas

Publicación da iniciativa, 508, 19.07.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

Exposición de motivos.

O teléfono do Servizo de Atención e Información á Cidadanía na Xunta de Galicia (Teléfono 012), é un servizo integrado de xestión dotado dos compoñentes tecnolóxicos e dos servizos necesarios para facilitarlle á cidadanía as súas relacións coa Xunta de Galicia, así como a información e atención en diversas materias.

Aparte do teléfono de Información do 012, entre os servizos de contestación de chamadas telefónicas cubertos atópanse o Teléfono da Muller, a Liña de Axuda á Infancia, o Teléfono Social, etc.

O Servizo de información ás mulleres facilita información e orientación sobre os recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades das mulleres galegas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e informa ás mulleres nas áreas xurídica, de emprego, de recursos sociais e de atención psicolóxica. Este servizo colabora tamén a través do desenvolvemento das súas funcións na prevención, detección e intervención (traslado de vítimas, ingresos en) en situacións de posible risco, abuso e maltrato das mulleres.

A liña de axuda á infancia destinase a prestar atención profesional, gratuíta e confidencial aos nenos, nenas e adolescentes, así como a adultos en asuntos relacionados coa protección e defensa dos dereitos daqueles. O obxecto do servizo é proporcionar axuda aos nenos necesitados de coidados e protección, aos





que se lles subministrarán servizos e recursos tendentes a satisfacer as súas necesidades, e tamén proporcionarlles a oportunidade de que poidan expresar libremente as súas preocupacións, falar sobre problemas que lles afecten directamente e avisar aos corpos e forzas de seguridade ou aos equipos técnicos de menores para poder proporcionarlles axuda en caso de urxencia. Tamén se xestionan ingresos de menores en desproteccións e comunicación de situacións de urxencia.

O Teléfono Social, pola súa banda, facilita información e orientación dos recursos existentes para cubrir inicialmente as distintas necesidades dos colectivos de persoas dependentes, persoas maiores e persoas con discapacidade. É un servizo permanente as 24 horas do día, todos os días do ano, de carácter gratuíto. As prestacións básicas deste teléfono social son a atención personalizada, información e orientación sobre recursos sociais, intervencións en casos de risco de abandono ou de maltrato con derivación e canalización, se é o caso, aos servizos sociais correspondentes.

Para cada contacto recibido nos diferentes servizos, o persoal recolle e rexistra os datos relativos ás solicitudes de información, peticións e/ou incidencias, procesándoas e resolvéndolas en primeiro nivel ou iniciando as accións oportunas para a súa resolución definitiva.

No prego de condicións técnicas do Servizo especificábase que o persoal seleccionado e asignado para a prestación dos distintos servizos deberá reunir as habilidades e coñecementos requiridos para o correcto desenvolvemento das funcións e tarefas asociadas e detalladas nas descripcións dos distintos servizos telefónicos que se integran no 012.

Para labores de atención ao Teléfono da Muller, Teléfono Social e Liña de Axuda á Infancia, especificábase no prego que será preciso o asesoramento psicolóxico, xurídico e social, polo que, como mínimo, estes servizos integranse por profesionais cos perfís de psicólogo/a e Traballador/a Social.





Actualmente, no Teléfono Social están contratadas para toda Galicia 8 persoas, todas elas mulleres, ás que se lles esixe ter os citados perfís profesionais para desempeñar a súa labor e sen embargo, non se lles recoñece esa categoría profesional, estando contratadas como técnicas cando as funcións que realizan requiren unha titulación, unha especialización e uns coñecementos concretos da temática e das persoas destinatarias, ao tratarse de colectivos vulnerables, feito que levou a que algunhas delas levaran a cuestión ante os tribunais, pois realizan funcións de asistencia e intervención que requiren uns coñecementos profesionais axeitados á titulación que ostentan, alén de recollerse no prego de prescricións técnicas.

Existe unha clara diferenza entre o traballo realizado por estas profesionais e as “teleoperadoras especialistas” propiamente ditas, que se limitan a recoller os datos de quen chama para poñelos en coñecemento das persoas que forman o Equipo Técnico. O feito de que estas traballadoras teñan que cubrir fichas non é motivo para encadralas na categoría profesional de “teleoperadoras especialistas”, pois para poder cubrir esa documentación, precisan saber o que se debe preguntar e reflectir, coñecemento que proporciona a axeitada titulación profesional, que por outra parte, se lles esixe para acceder ao posto.

Estas traballadoras, que prestan os seus servizos atendendo o Teléfono Social, o Teléfono da Infancia, o Teléfono da Muller e o servizo de Dependencia e discapacidades, na categoría de “teleoperadora especialista”, teñen, entre outras funcións de Traballo Social, as seguintes:

- Información, asesoramento e orientación sobre recursos e prestacións relacionadas cos servizos sinalados.
- Tramitación das denuncias aos organismos correspondentes e seguimento das mesmas.
- Intervencións en situación de urxencia, solicitando se é preciso a intervención das forzas de seguridade do estado.
- Derivación aos demais recursos no caso de non poder solventar as cuestións prantexadas.





- Intermediación e coordinación cos diferentes equipos técnicos da Xunta para mellorar e optimizar a calidade das intervencións dentro dos servizos telefónicos.

O persoal deste servizo de contestación de chamadas telefónicas está contratado por diferentes empresas (UTE Centro de Atención de chamadas SA Contacnova SL....), con contratos a tempo parcial, de 30-35 horas semanais.

Dende o 1 de agosto de 2017 o prego de condicións atópase en período de prórroga, finalizando esta o 31 de xullo de 2019, polo quen ven acaído que, de cara á nova prórroga ou cambio, se lles recoñeza a súa categoría profesional.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentario Mixto formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a recoñecer a categoría profesional acorde aos perfís esixidos no Servizo de Atención e Información á Cidadanía na Xunta de Galicia, en concreto, no Teléfono Social, e servizos de contestación de chamadas telefónicas.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/07/2019 16:36:19





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 17:05:07
Nº Rexistro: 52395
Data envío: 09/07/2019 17:05:07.503

Paula Vázquez Verao na data 09/07/2019 16:36:30

Luis Villares Naveira na data 09/07/2019 16:36:47

CSV XERXISTROZON.PDF.J04
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 55133(10/PNC-004378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal dos centros residenciais dependentes da Consellería de Política Social e a suspensión do artigo 19 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 13:14:29
Nº Rexistro: 55133
Data envío: 05/09/2019 13:14:29.589

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á situación de precariedade do persoal das residencias dependentes da Consellaría de Política Social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Secretaría Nacional de CIG Autonómica ven de dirixir un escrito aos grupos parlamentares do Parlamento Galego co contido que a continuación se transcribe:

“A situación de deterioro xeral nas prestacións que están a recibir as persoas maiores usuarias de residencias da terceira idade e centros de día xestionados directamente pola Xunta de Galiza, fundamentalmente polas condicións laborais dos empregados públicos que manteñen este servizo, que se especifican nas seguintes cuestións:

1. O persoal das Residencias de Maiores está a traballar nunhas condicións de sobre esforzo e carga de traballo moi elevado co conseguinte risco de estres laboral. Isto sucede como consecuencia duns cadros de persoal insuficientes para cubrir as necesidades das persoas usuarias. Para a CIG no se trata dunha cuestión puntual tanto no tempo como nos centros e residencias, senón que é xeneralizara. Así a ese sobreesforzo ao que se ve sometido o persoal traballador supón en definitiva unha auténtica explotación laboral.

CSM-REXISTRO8KszYUHYO
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 13:14:29
Nº Rexistro: 55133
Data envío: 05/09/2019 13:14:29.589

2. Esta Consellaría ten o índice de sinistralidade laboral maior de toda a Xunta de Galiza, superando a Medio Rural cos bombeiros forestais, e tamén unha porcentaxe de baixas por incapacidade laboral por enriba da media de calquera outro departamento da Administración Autonómica. Supoñemos que moitas destas baixas por IT son consecuencia da carga de traballo o enfermidades relacionadas co traballo a quendas, infeccións bacterianas ou víricas derivadas do traballo con menores ou anciáns, ou incluso trastornos músculo-esqueléticos repetitivos, mal derivados ou non recoñecidos polas mutuas. Como exemplo algunhas residencias teñen hoxe o 20% do seu cadro de baixa, en moitos casos por accidentes laborais e enfermidades comúns derivadas dos esforzos músculo-esqueléticos (Residencias de Maiores de oleiros, Residencias de Maiores de Volta do Castro, Centro Residencial de persoas dependentes de Vigo, etc.)

3. O Cambio de posto de trabalo para adaptación por causas derivadas da saúde logo de accidentes laborais ou simplemente polo traballo continuado, unida á propia idade do persoal, está a medrar de xeito considerable. A Xunta a pesar de ser coñecedora desta situación no implementa medidas de calado para minimizar o risco de lesións. Para a CIG as medidas par mobilización das persoas usuarias como poden ser un mellor equipamento, formación, etc., non poden obviar a necesidade de aumentar o cadro de persoal.

4. Os postos adaptados porque as persoas que os ocupan non teñen as condicións físicas ao 100% e necesitan un apoio para realizar as súas funcións (e non teñen material de axuda axeitado) fai que se sobrecargue ao persoal que si pode. A Xunta nestes casos tampouco realiza a contratación de persoal de reforzo.

5. As categorías máis afectadas por estas situacións son as de enfermería, auxiliares de enfermería e camareiras-limpadoras. Pero os cadros a mínimos tamén son

CSX4 REXISTRO38KszUH10
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 13:14:29
Nº Rexistro: 55133
Data envío: 05/09/2019 13:14:29.589

os do persoal ordenanza, de cociña ou equipos multidisciplinares. Chegamos ao caso de que hai centos que teñen que deixar de facer actividades ocupacionais ou de animación por esta falta de persoal. Noutros casos queda sen control de acceso a entrada dos centros, con por exemplo sucede na Residencia da Pobra do Caramiñal e no centro de menores de Carballeira en Ourense onde a recepción queda valeira durante os fins de semana ou festivos xa que non hai quen atenda.

6. A suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral supuxo que dende a lei de medidas de 2012 (que foi prorrogada nas sucesivas leis de orzamentos) nas carteleiras de traballo desapareceron os descansos adicionais por traballo a quendas e os directos por traballo en fin de semana e festivos, aumentando a carga horaria de xeito considerable.

7. A falta de persoal de enfermería e auxiliar de enfermería nas listas de agarda para as contratacións temporais son mostra e resultado desta carga de traballo e unhas malas condicións laborais e salariais xa que o persoal auxiliar de enfermería e enfermeiras/os das listas de contratación prefiren acudir ao SERGAS. Isto baleira de facto moitas listas provinciais provocando chamados irregulares o directamente ilegais como aconteceu neste verán 2019 nos centros da provincia da Coruña, onde non houbo ningún procedemento público de selección, incumprindo os principios de mérito, igualdade e capacidade para o acceso á función pública e que así foi denunciado pola CIG.

8. É necesario un dimensionamento axeitado do persoal ás novas condicións das persoas usuarias e centros. O decreto de rateos de persoal é do ano 2005 para os centros de menores e 2007 para os centros de maiores, e dende aquela os usuarios e características dos centros mudaron (a lei do menor é diferente e a tipoloxía de usuarios tamén, indo cara persoas politoxicómanas e con patoloxías diversas). Nos

CSX4 REXISTRO38KszUH10
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/09/2019 13:14:29

Nº Rexistro: 55133

Data envío: 05/09/2019 13:14:29.589

centros de maiores tamén, xa que a día de hoxe poden ingresar nos centros persoas con problemas psiquiátricos, independentemente da idade, o que fai que a atención teña que cambiar e para o que o persoal non está adecuadamente formado. Todo isto repercute tamén directamente na carga de traballo e na calidade do servizo proporcionado.

Dende a representación sindical da CIG-Autónomica do persoal laboral que traballa en residencias de maiores, centros de atención a persoas dependentes e centros de menores consideramos que o PARLAMENTO DE GALIZA é o lugar onde a conselleira responsable desta xestión, Fabiola García Martínez, debe dar explicacións desta situación. É insostible alongar no tempo durante tantos anos a necesaria ampliación do cadro de persoal que fai que xunto coa falla de cobertura de ausencias e contratacións “a dedo”, a Xunta de Galiza está a deteriorar gravemente a prestación dos servizos públicos e a incidir moi negativamente na seguridade e saúde do persoal.

Por todo o anterior reiteramos a solicitude de comparecencia por ía de urxencia á Conselleira de Política Social no Parlamento Galego para explicar a que se deben os numerosos recortes efectuados e a non ampliación dos cadros de persoal de acordo a un dimensionamento en base a rateos xustas segundo centros e persoas usuarias, que non comprometan a seguridade e saúde do persoal traballador en Política Social, que están a incidir negativamente nunha prestación digna e de calidade nos centros de persoas maiores e nos centros de menores da Xunta de Galiza.”

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propia a demanda que realiza CIG-Autónomica e por esa razón presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 13:14:29
Nº Rexistro: 55133
Data envío: 05/09/2019 13:14:29.589

1.- Que @s máximos responsábeis da Consellaría de Política Social, a empezar pola Conselleira, comparezan no Parlamento Galego para dar explicacións sobre a situación do persoal que presta servizos nas Residencias dependentes da Consellaría.

2.- Proceder ao dimensionamento preciso dos cadros de persoal, de xeito que as rateos se adapten tanto ao número como as novas tipoloxías de usuari@s e deixen de comprometer a seguridade e saúde do persoal traballador e a calidade asistencial que se presta.

3.- Comprometerse a incluír no orzamento da Xunta para o ano 2020 as partidas orzamentarias precisas para este fin.

4.- Eliminar a suspensión do artigo 19 do V Convenio Único para o persoal laboral.”

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSX: REXISTRO38KszJUH10
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 13:14:29
Nº Registro: 55133
Data envío: 05/09/2019 13:14:29.589

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 12:35:12

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 12:35:25

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 12:35:33

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 12:35:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 12:35:50

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 12:35:58

CSV REGISTRO58KszJH10
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

